



O SERGAS INCORPORA 7 NOVOS FARMACÉUTICOS E 1 ODONTÓLOGO Á ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO

- *Con estes novos efectivos, a Área conta con 19 farmacéuticos nos centros de saúde, o que permitirá un salto cualitativo moi significativo no desenvolvemento destas prestacións*
- *Tamén se incorporou un novo odontólogo ao servizo de Atención Primaria de Ponteareas*

Vigo, 4 de maio de 2022. O Sergas continúa desenvolvendo medidas de mellora na atención primaria viguesa, tanto no ámbito organizativo como no incremento de recursos físicos e humanos.

Neste senso, dotouse á Área Sanitaria de Vigo de 7 novas prazas de farmacéuticos/as, que tomaron posesión das mesmas. Ademais, tamén se incorporou un novo odontólogo ao servizo de Atención Primaria de Ponteareas.



Os novos farmacéuticos atenderán á poboación dos centros de saúde de Sárdoma/Bembrive/Matamá; Navia/Bouzas/L.Mora; P.Colmeiro/Nicolás Peña; Cuba/Taboada Leal; Moaña/Domaio/Lavadores; Baiona/Gondomar/Coruxo; e A Doblada.

Estes profesionais veñen a sumarse aos 12 xa existentes, o que supón un incremento dun 58%, acadando un total de 19 farmacéuticos/as.



Segundo afirma a subdirectora de Prestación Farmacéutica da Área de Vigo, Isabel Rey, "con estes novos efectivos damos un salto cualitativo moi importante na atención farmacéutica desta Área sanitaria, xa que nos permite realizar unha reorganización da distribución de tarefas e centros asignados, e desenvolver ao máximo a carteira de servizos desta categoría".

Seguridade e eficacia da medicación

O obxectivo fundamental da actividade dos profesionais de farmacia de Atención primaria é mellorar a seguridade, efectividade e eficiencia do uso do medicamento - recurso terapéutico máis utilizado na asistencia sanitaria- tanto a nivel individual como poboacional, facilitando a toma de decisións clínicas dos profesionais e optimizando o tratamento farmacolóxico do paciente.

Cada farmacéutico atende ao seu servizo e Unidades asistenciais correspondentes de xeito presencial ou telemático, realizando procedementos como a homologación sanitaria de receitas, a renovación de tratamentos crónicos, o programa de prácticas seguras, a xestión de estupefacientes, etcétera.

Ademais, outra das súas actuacións prioritarias é a atención farmacéutica aos centros sociosanitarios.

Unidade saúde Bucodental de Ponteareas

En relación co novo odontólogo que se incorpora á Unidade de Saúde Bucodental de Ponteareas, cabe dicir que o novo efectivo incrementará o equipo, quedando conformado por 2 odontólogos e 2 hixienistas dentais.

En total, a Área de Vigo conta con 22 odontólogos e 21 hixienistas dentais.